

Setem
aMaRANTE

soligariidade n2



TECENDO OUTRA ECONOMÍA

**Unha economía máis xusta,
democrática e sostible xa existe:
A Economía Social e Solidaria**

ÍNDICE

Editorial	2
A fonsdo	3
Cara a cara	6
Cara a onde imos	8
Unha volta ao mundo	10
O caso	11
Móvete	12
Opini3n	13
Dicionario	14
Facémonos eco	15
Contraportada	16

CRÉDITOS

Edita: **SETEM**

Consello de redacci3n:

Iratxe Arteagoitia, Eva Blanco, Anna Fernández Montes, M3nica G3mez, S3lvía Ibañez, Beatriz Jim3nez, Flavia Laurencicch, Mar3a Mart3n, Marta Palau e Marta Solano.

Coordinaci3n: Anna F. Montes e Marta Solano.

Deseño orixinal: Ana Perea.

Deseño e maquetaci3n: Ana Perea.

Traducci3n e correcci3n: Xos3 Iglesias.

Impresi3n: Foli Verd.

Dip3siti legal: M-35469-2004.

Xuño 2012.

Impresa en papel reciclado.

Co apoio de:



Esta revista ten sido elaborada co apoio econ3mico da Axencia Espaola de Cooperaci3n Internacional para o desenvolvemento (AECID). O contido deste documento 3 responsabilidade 3nica de AMARANTE SETEM e en ning3n caso debe considerarse que reflexa a opini3n da AECID.

E ti, que opinas?

Se tes achegas ou comentarios que facer para a revista, escribenos!
amarantesetem@amarantesetem.org

EDITORIAL

Os tempos que nos tocaron vivir non son nada alentadores. A pesar disto, numerosas experiencias en todo o mundo demostran que 3 posible facer unha econom3a baseada nas necesidades das persoas e nos valores da solidariedade, a xustiza, a equidade, a cooperaci3n, a participaci3n e o coidado do medio. Falamos da **Econom3a Social e Solidaria**.

Pareceunos especialmente importante mostrar xustamente agora que hai outras maneiras de xestionar a sociedade e a contorna que non se basean no modelo capitalista. Trátase dunha econom3a que garante, ademais de **rendibilidade econ3mica, impactos sociais e medioambientais positivos**.

Dende SETEM levamos moito tempo traballando e propoñendo as alternativas do **Comercio Xusto** e a **Banca 3tica**. Agora damos un paso para enmarcar estas propostas nun marco m3is grande que ocupa todos os sectores produtivos e toda a cadea de traballo no movemento da Econom3a Social e Solidaria.

Non se trata de s3 un soño, trátase dunha **realidade incipiente 3 que esperamos te sumes e achegues** o teu gran de area. Boa lectura.

AMARANTE SETEM, QUEN SOMOS?

Somos persoas que queremos transformar a nosa sociedade. Cremos nunha cultura da solidariedade internacional respectuosa coa dignidade dos pobos do Sur e orientada a denunciar e erradicar as causas estruturais das desigualdades.

Somos unha organizaci3n galega de solidariedade para o ecodesenvolvemento, que traballa pola superaci3n do capitalismo global cara 3 xustiza social. Formamos parte da federaci3n Setem xunto con outras 10 ONGs de solidariedade internacional que centramos o noso traballo independente en concienciar a sociedade das desigualdades Norte-Sur, denunciar as s3as causas e promover transformaci3ns sociais, individuais e colectivas, para conseguir un mundo m3is xusto e solidario.

Os nosos campos de actuaci3n son:

- A sensibilizaci3n e formaci3n a trav3s de cursos, viaxes, obradoiros, publicaci3ns e campaaas.
- A promoci3n de alternativas, principalmente de Comercio Xusto e Econom3a Social e Solidaria, por medio de campaaas, programas especializados e venda de produtos.
- A solidariedade con organizaci3ns do Sur mediante intercambios e actividades de cooperaci3n.

Formamos parte da Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento (CONGDE), Coordinadora Estatal de Comercio Xusto (CECJ), rede BankTrack, Observatorio da Responsabilidade Corporativa e Enlazando Alternativas.



A FONDO

A OUTRA ECONOMÍA POSIBLE

Fixéronnos crer que non hai máis economía que a capitalista e que non temos máis opción que nos someter á vontade disto que eufemisticamente denominan ‘mercados’. Pero dende o mesmo nacemento do capitalismo, e cada vez máis, no interior desta sociedade, estase a desenvolver outra economía máis xusta, democrática e sostible: a Economía Social e Solidaria (ESS).

Por: Jordi Garcia Jané. Rede de Economía Solidaria de Catalunya. www.xes.cat



A Economía Social e Solidaria é unha realidade recente; a cooperación e a solidariedade na economía, non. Dende o primeiro grupo de homínidos, a supervivencia e a evolución da especie humana foron sempre froito da cooperación. Aínda así, a orixe moderna da Economía Social e Solidaria data do primeiro terzo do século XIX e sitúase en Francia, Inglaterra, o norte de Italia ou Cataluña, aqueles territorios onde se concentra a industrialización e o movemento obreiro, e maniféstase na creación dos primeiros sistemas de protección social, as denominadas sociedades de socorros mutuos e as primeiras cooperativas de consumo e de traballo.

O **cooperativismo** desenvólvese e esténdese en calquera parte do mundo dende as últimas décadas do século XIX. Cen anos despois, a partir de 1980, os sectores sociais excluídos dos mercados capitalistas de bens e servizos, laboral e financeiro, desenvolven con forza algunhas destas formas alternativas de organización económica, a miúdo adoptando fórmulas cooperativas, outras veces en

A Economía Social e Solidaria redistribúe a riqueza e achega a democracia á economía.

forma de asociacións, fundacións, empresas de inserción, redes informais, etc. De maneira que hoxe millóns de persoas traballadoras, campesiños, profesionais, consumidoras, investidores, etc., de todos os recunchos do planeta están a xestionar o uso de bens colectivos, producindo, comercializando, consumindo, investindo e distribuindo excedentes

baixo lóxicas democráticas, equitativas, solidarias e respectuosas coas persoas, o medio e os territorios. Están facendo economía, pero non economía capitalista, senón outra economía que a miúdo coñecemos

como Economía Social e Solidaria.

Trátase de prácticas moi heteroxéneas entre si, en actividade, en dimensión, en motivación e en configuración organizativa, posto que abrollan de suxeitos e contextos moi diversos. Pero todas comparten tres grandes características: dan prioridade á satisfacción de necesidades por enriba do lucro, xestionan a propia actividade económica de xeito democrático e actúan con responsabilidade social. Polo tanto, podemos definir a Economía Social e Solidaria como aquel conxunto de prácticas



A banca ética é un exemplo de Economía Solidaria en España, no ámbito das Finanzas Éticas.

SOLIDARIEDADE EN TODA A ECONOMÍA

A Economía Social e Solidaria está en todas as fases do ciclo económico. Na produción, exprésase como **propiedade colectiva** da empresa polas persoas traballadoras.

Na comercialización maniféstase como **comercialización xusta**, sexa entre produtores/as do Sur e consumidores/as do Norte, ou ben sendo os dous actores do mesmo Sur ou Norte.

No consumo, plásmase en prácticas de **consumo responsable**, cooperativo, ecolóxico e solidario, pero tamén na redución do consumo.

No crédito, toma a forma de **finanzas éticas**; na moeda, de moedas sociais e locais, e nos bens, na xestión do patrimonio común. Finalmente, na distribución do excedente, maniféstase nos **presupostos participativos** e outras formas de distribución participativa e solidaria.

económicas que perseguen **satisfacer necesidades humanas** en lugar de maximizar o beneficio económico, organízanse de xeito democrático e actúan con responsabilidade social.

Estamos a falar, pois, de cooperativas de traballo e en xeral de empresas propiedade das persoas traballadoras, de empresas de inserción, de prácticas de consumo responsable, de tendas de Comercio Xusto, de cooperativas de consumo agroecolóxicas, de circuitos curtos de comercialización, de bancas éticas, de redes de intercambio con moeda social ou sen ela, de creación de bens comúns dixitais e culturais libres, do traballo de colaboración en rede, de presupostos participativos, de asociacións e fundacións que xestionan servizos sociais de forma participativa, de hortas comunitarios, etc.

Estas prácticas ás veces son individuais (un ou unha traballador/a autónomo/a que produce bens útiles e de forma responsable), outras veces colectivas, e aínda neste último caso unhas están pouco formalizadas (unha rede de intercambio de coñe-

cementos), mentres que outras o están moito (un grupo empresarial cooperativo). Cada proxecto debe atopar a forma que se adapte mellor ás súas necesidades e ás súas circunstancias. Máis alá da forma concreta que se adopte, e sobre todo do nome ou daquilo que estipule a lei, o que importa é a súa práctica; se persegue o ben común e satisfai necesidades humanas; se se organiza democraticamente, se actúa con responsabilidade social, entón forma parte desta vasta constelación que denominamos Economía Social e Solidaria.

BALANCE E PERSPECTIVAS

En xeral, podemos afirmar que a ESS **redistribúe a riqueza** e trae democracia á empresa e á economía. Así mesmo, mellora as condicións de vida dos seus actores e dos ámbitos onde radican: proporciona alimentos a baixo prezo ou máis sans, crea postos de traballo, e ademais de calidade; reduce o impacto ambiental de moitas actividades humanas; fixa a poboación no medio rural; combate a pobreza e a exclusión social; permite

unha mellor asistencia sanitaria; contribúe ao desenvolvemento local; ofrece actividades culturais e educativas; permite acceder a un crédito a persoas e organizacións que a banca convencional estigmatiza como “non solventes”, permite levar aos seus fillos e fillas á escola; facilita vivendas a prezos máis alcanzables que o mercado, etc.

Así mesmo, as prácticas de ESS contribúen a **socializar os valores** de democracia, igualdade, traballo emancipado, responsabilidade e solidariedade; aumentan a cohesión social creando comunidade, e demostran que outra economía máis xusta, democrática e sostible é posible.

Por último, a ESS pode inspirar a esta outra economía xa non capitalista, converterse no embrión; pero tamén pode quedar nun fenómeno minorita-

rio ou, mesmo, rematar asimilada ás formas económicas capitalistas ou reducirse a un fenómeno moi radical pero marxinal.

Para converterse en alternativa, necesita fortalecerse nas súas dúas dimensións: a súa dimensión de sector empresarial e a súa dimensión de movemento social. Sen proxectos empresariais sólidos, as propostas políticas transformadoras non serán escoitadas; sen propostas políticas transformadoras, co tempo os proxectos empresariais acaban sendo asimilados. A tensión entre ambas as dúas dimensións é inevitable, pero no fondo demostra que a Economía Social e Solidaria non é ningún ideal abstracto, senón **unha realidade tanxible**, coas raíces moi afundidas na terra —sucias se se quere dicir así—, para poder trepar moi arriba.

Dous son as dimensións da Economía Social e Solidaria: sector empresarial e movemento social.

Cooperativa de mobles “Nou indret” en Vidreres. Cataluña.



Trátase de satisfacer as necesidades humanas en lugar de maximizar o beneficio económico.

Cooperativa de consumo ecolóxico “El Cabás” en Santa Coloma de Gramenet (Cataluña).

COOPERATIVAS DE TODO TIPO

O cooperativismo constitúe o núcleo duro da Economía Social e Solidaria. Unha cooperativa é unha asociación autónoma de persoas que se agruparon voluntariamente para satisfacer as súas necesidades e aspiracións económicas sociais e culturais comúns, mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática. Hai unhas **755.000 cooperativas repartidas por máis de 100 países**, asocian uns 775 millóns de persoas, o 12% da poboación mundial, e dan traballo a 100 millóns. Hai diferentes tipos de cooperativas. O cooperativismo catalán, por exemplo, está formado por cooperativas agrarias, de consumidores/as e usuarios/as, de servizo e de transportes, de vivenda, de ensino, de crédito e de traballo.

CARA A CARA

"O OBXECTIVO DE MANGO É VESTIR Á MULLER E AO HOME QUE QUEREN IR Á ÚLTIMA TENDENCIA DE MODA"

Xavier Carbonell,
Director de responsabilidade social corporativa de Mango
www.mango.com

1 Cal é o obxectivo da súa empresa?

O obxectivo da empresa é o de vestir á muller e ao home que queren ir á última tendencia de moda, todo iso cun bo deseño e estilismo.

2 Cal é o seu modelo organizativo? ¿Cantas categorías laborais existen na súa empresa?

O noso modelo organizativo é un modelo moi plano e accesible arredor dunha serie de departamentos que son os que xestionan directamente os diferentes ámbitos. Na nosa organización dispoñemos de seis niveis de decisión ou categorías laborais, considerando o Consello de Administración como o nivel superior.

3 Dispoñedes dalgún tipo de política que regule a brecha salarial entre o salario máis baixo e o máis alto?

A política salarial da empresa está establecida en función dos citados niveis de decisión así como baseándose nos obxectivos acadados; establecéndose, de acordo con estes obxectivos, unha parte variable do salario.

4 Quen participa na toma de decisións estratéxicas?

As decisións estratéxicas son tomadas polo Consello de Administración e polo Comité Executivo da empresa, de acordo tamén coas opinións dos diferentes responsables dos departamentos e de todos os empregados baseándose nunha iniciativa denominada "se eu fose presidente". A devandita iniciativa consiste nunhas reunións periódicas con representantes dos empregados de cada departamento directamente coa presidencia da empresa.

5 Como funciona o reparto de beneficios na súa empresa?

A nosa organización sempre reinvestiu todos os seus beneficios na propia compañía, acadando así un bo equilibrio entre financiamento propio e alleo, o que permitiu realizar todos os investimentos necesarios para o crecemento e a expansión progresiva da empresa.

6 Que importancia dan á responsabilidade social coa contorna?

A nosa organización ten establecida unha política de sostenibilidade en todos estes aspectos baseada nos diferentes compromisos cara á sociedade. Desta política derivanse códigos de conduta e instrucións en aspectos tanto sociais como ambientais.

7 Pensastes na internacionalización da vosa actividade?

Dende o ano 1992 a nosa organización está presente nos mercados internacionais. Actualmente estamos presentes en 109 países.



"O OBOXECTIVO DE TEIXIDORS É FACER COMPATIBLE A VIABILIDADE ECONÓMICA E A ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL"

Juan Ruiz,
Xerente da cooperativa Teixidors
www.teixidors.com



1 Cal é o obxectivo da súa empresa?

O noso obxectivo é facer plenamente compatible a viabilidade económica e a atención ás persoas en risco de exclusión por ter unha capacidade intelectual diferente. Para nós non tería sentido se este binomio non convivise en perfecta harmonía.

2 Cal é o seu modelo organizativo? ¿Cantas categorías laborais existen na súa empresa?

Teixidors é unha cooperativa de traballo asociado na que todos somos socios ao mesmo nivel no que se refire á propiedade e a nivel organizativo aportamos segundo as nosas capacidades. Non temos moitas categorías: a básica é a de tecelán, a nivel profesional de soporte: Of. 3º, Of. 2º, Of. 1º e a nivel de mando: responsable de sección, xefe de departamento e xerencia.

3 Dispoñedes dalgún tipo de política que regule a brecha salarial entre o salario máis baixo e o máis alto?

Regulamos a escala salarial tendo como referencia o salario mínimo interprofesional que sería o salario dos teceláns que comezan, aplicamos un coeficiente a cada categoría e a relación entre o salario máis baixo e o mais alto é de 2,46.

4 Quen participa na toma de decisións estratéxicas?

O Consello Reitor é o responsable de elaborar e propoñer as actuacións estratéxicas que se comparten e confrontan de forma continuada con todo o persoal do taller nunha asemblea quincenal e co equipo de profesionais de soporte bimensualmente.

5 Como funciona o reparto de beneficios na súa empresa?

En Teixidors non hai repartición de beneficios, estes reinvístense na súa totalidade no proxecto, porque estatutariamente así esta definido, agás as dotacións a reservas obrigatorias definidas pola lei de cooperativas.

6 Que importancia dan á responsabilidade social coa contorna?

Calquera necesidade de traballo exterior pensamos en dirixilo, sempre que sexa posible, a empresas que teñan a mesma finalidade que a nosa, en segundo lugar a empresas cooperativas. A localización tamén é un elemento que temos en conta. Queremos dar apoio ao tecido empresarial máis próximo. A nivel ambiental, o tear manual é accionado por unha persoa, a enerxía que se consume é a de iluminación e calefacción. No lavado utilizamos xabóns certificados, que se poden dirixir ao vertedoiro sen ningún tipo de tratamento.

7 Pensastes na internacionalización da vosa actividade?


Afortunadamente é un tema que nos formulamos no 2002 participando no programa Pipe do Icx e no 2006 definimos que o futuro pasaba por exportar entre un 60% e un 70% da nosa produción.



CARA A ONDE IMOS

ASÍ ESTÁ AGORA A ECONOMÍA MUNDIAL: A ECONOMÍA CAPITALISTA CONVIVE COA SOLIDARIA

As enormes empresas transnacionais conviven con pequenas iniciativas de economía solidaria (entidades de banca ética, cooperativas de consumo, tendas de Comercio Xusto, etc.). As e os consumidores podemos tomar pequenas opcións de consumo consciente pero non podemos desencadearnos da economía capitalista



Lenda:

- Empresas multinacionais.
- Empresas capitalistas.
- Consumidores e produtores da economía solidaria.

Debuxo de Adrián Miguel Delgado



A NOSA META

O Mercado Social é unha rede estable de intercambios de bens e servizos entre empresas solidarias, consumidoras responsables e aforradores-



PRODUCCIÓN COOPERATIVA

Cooperativas de traballo, empresas de inserción, etc.



FINANZAS ÉTICAS

Banca ética, moeda social, bonos solidarios, etc.



ESTA É A ECONOMÍA QUE PODEMOS CONSTRUIR: A ECONOMÍA SOLIDARIA. XA EXISTE

MERCADO SOCIAL

investidores éticos que, con estes intercambios, rematamos cubrindo unha parte significativa das nosas necesidades.

COMERCIALIZACIÓN XUSTA

Tendas de Comercio Xusto, cooperativas de consumo, etc.




CONSUMO RESPONSABLE

Prácticas de consumo responsable.



Unha rede de economía solidaria que pode chegar a cubrir todas as nosas necesidades de consumo. Hai que desconectar a economía solidaria da capitalista.



Lenda:

- Empresas multinacionais.
- Empresas capitalistas.
- Consumidores e produtores da economía solidaria.


Debuxo de Adrián Miguel Delgado



UNHA VOLTA AO MUNDO

Miles de prácticas de Economía Social e Solidaria xa existen en todo o planeta.

Neste mapa presentámosche una recompilación de quince proxectos de Economía Social e Solidaria que actualmente están funcionando con éxito no mundo. Podés atopar máis información sobre eles na publicación “Miradas globales para otra economía” de SETEM.





O CASO

FACES DO BRASIL, CONSOLIDANDO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA

Faces do Brasil ten a misión de promover a construción do Comercio Xusto e solidario, como un instrumento dunha economía inclusiva, solidaria e sostible. Actualmente, grazas a esta plataforma, 1,7 millóns de persoas traballadoras ocúpanse en emprendementos de economía solidaria e 100 millóns de dólares mobilízanse como resultado desta iniciativa.

Ano 2001. Faces do Brasil xorde no contexto do primeiro Foro Social Mundial celebrado no mundo (e que tivo lugar, precisamente, en Porto Alegre). Nace, polo tanto, nun intenso contexto de mobilización social acrecentado ademais polas protestas contra as políticas neoliberais dos anos 90 que provocaron o progresiva empobrecemento do país e a marxinalización de amplos sectores da poboación brasileira. Faces irrompe neste escenario económico, político e social como unha plataforma de articulación nacional do Comercio Xusto e solidario integrada por un conxunto de organizacións e asociacións de produtores e produtoras, traballadores e traballadoras, organizacións non gubernamentais e xestores gubernamentais. A súa misión? A de promover a **construción do Comercio Xusto e a economía solidaria** a través de tres eixes principais: A articulación política e institucional; a formación, sistematización, xeración e socialización de coñecemento; e o fortalecemento de canles de comercialización e consumo solidarios.

A primeira vía de actuación pretende **construír políticas públicas** a través do diálogo horizontal e coa participación dunha grande diversidade de actores, incorporando as demandas dos movementos sociais. A segunda vía nace do principio de que para que o Comercio Xusto e a economía solidaria se concreten é preciso que as persoas produtoras, comerciantes e consumidoras comprendan a transcendencia desta

iniciativa e se impliquen nela. Para iso iníciase un proceso de promoción das bases conceptuais do Comercio Xusto e a economía solidaria. A terceira e última vía inscribese na necesidade de dar unha resposta concreta aos /ás produtores/ as, e aos e ás consumidoras. En definitiva, esta última vía de actuación ten como obxectivo levalo á práctica.

No relativo ao movemento internacional de Comercio Xusto dende o ano 2000 iníciase en Brasil un proceso de construción colectiva de estratexias, conceptos e procedementos por diversas organizacións no que se inscribe Faces do Brasil. O seu obxectivo é o de crear unha identidade brasileira no movemento internacional. Para iso, e no contexto da primeira vía de actuación de Faces, incorpóranse as demandas, propostas e traxectorias dos movementos sociais e populares de

Brasil, organizados para facer fronte ás desigualdades sociais, á precariedade das relacións laborais e o desemprego. Tamén polos avances na construción democrática do país: entre eles, os movementos da economía solidaria, soberanía alimentaria, agroecoloxía, agricultura familiar e reforma agraria.

É así que dende FACES se entende o Comercio Xusto e a economía solidaria como un instrumento. Parte dun proxecto político, con obxectivos non só económicos, senón tamén de construción dunha nova cultura e sociedade baseadas en principios de solidariedade, cooperación, igualdade e democracia.

A Economía Social e Solidaria ten un dobre obxectivo económico e de transformación social



GRAZAS A FACES, BRASIL É O PRIMEIRO PAÍS CUN SISTEMA DE COMERCIO XUSTO E SOLIDARIO

No ano 2010, Faces consegue que o entón presidente de Brasil Luiz Inácio Lula da Silva firme un decreto segundo o cal o país conta co primeiro Sistema de Comercio Xusto e Solidario (SCJS) do mundo recoñecido e apoiado polo Estado. O SCJS é conducido por unha Comisión Xestora Nacional, composta por representantes estatais e da sociedade civil. No mesmo período apróbase tamén o Programa Nacional de Fomento das Cooperativas. Dende entón instáurase como política pública a promoción da economía solidaria e do Comercio Xusto.



MÓVETE

CAMBIAR O MUNDO EMPEZA CO TEU DÍA A DÍA

Todas as túas decisións contan para construír unha realidade máis xusta.

O TEU FAIADO ESTÁ REPLETO DE COUSAS QUE NON PRECISAS?

APOSTA POR UN CONSUMO RESPONSABLE

A sociedade de consumo empúrranos a miúdo a comprar irracionalmente e malgastando. Focédo no consumismo: aposta por redes e mercados de intercambio, reforza a economía local, non deixes o país en mans das multinacionais.

TES SOBRE A MESA UNHA GUERRA ABERTA?


SE CONSCIENTE DE COMO E CON QUE SE CONSTRÚE A TÚA TECNOLOXÍA

Telefonos móbiles e computadores portátiles son xa ferramentas cotiás. No entanto, non se fala da súa relación directa co conflito do Congo. Busca información crítica máis alá dos grandes medios para entender a realidade e actuar en consecuencia.

TES A NEVEIRA CHEA DE ESPECULACIÓN ALIMENTARIA?

ACHÉGATE Á REALIDADE DAS COOPERATIVAS DE CONSUMO

Coñece a realidade das cooperativas de consumo agroecolóxico, que fomentan o vínculo comunidade, apolían os agricultores locais, reivindicando a soberanía alimentaria e rompen as regras das desigualdades Norte Sur.



Debuxo de Adrián Miguel Delgado

MENTRES TE MOVES CONTRIBÚES A ACELERAR O CAMBIO CLIMÁTICO?

MÓVETE CON TRANSPORTE ECOLÓXICO

A contaminación dos coches causa cinco veces máis mortes que os accidentes. Busca alternativas! Se colles a bici, ademais melloras a túa saúde e gozas da viaxe; se viaxas en tren podes aproveitar para ler e ver a paisaxe...

MENTRES AFORRAS, O TEU DIÑEIRO SERVE PARA INVESTIR EN ARMAS?

FAI O CAMBIO Á BANCA ÉTICA

Asegúrate que o teu diñeiro pensa coma ti. Fai que as túas decisións de aforro diario sexan éticas e coherentes. Decidindo onde vai o teu diñeiro, influís en que actividades se financian e polo tanto, en que tipo de sociedade construímos.

+ info: www.finanzaséticas.org

LO TEU CUARTO ILUMÍNASE AMEAZANDO A SOSTENIBILIDADE DO PLANETA?

PÁSATE Á BOA ENERXÍA

Ante o colapso ecolóxico, practica a reciclaxe e reduce o gasto enerxético. Xestos sinxelos como as lámpadas de baixo consumo ou un bo illamento térmico farán reducir o gasto enerxético. Se queres dar un paso máis, podes investir en enerxía 100% renovable:

+ info: www.somenergia.com

VISTES CADA MAÑÁ CON EXPLOTACIÓN LABORAL?

LIMPA A TÚA ROUPA DE INXUSTIZAS

Informate das condicións nas que se fabrica a roupa que vistes. Reflexiona antes de comprar e esixe ás marcas que respecten os dereitos laborais dos seus traballadores e traballadoras. Participa nas accións que a Campaña Roupa Limpas organiza no Estado Español.

+ info: www.ropalimpia.org



OPINIÓN

"O COMERCIO XUSTO E A ECONOMÍA SOLIDARIA SON UNHA FORMA DE ESTAR NO MUNDO"

Presentámosche o testemuño de oito mulleres e homes que nos dan a súa propia visión da Economía Social e Solidaria a través das súas experiencias de participación en proxectos cooperativos nos continentes africano, latinoamericano e europeo.

«Se camiñamos en solidariedade chegará un tempo que poidamos fabricar, producir e consumir todo o que necesitamos. Creo que a solidariedade nos levará a unha vida mellor nas comunidades. A economía solidaria fainos romper barreiras que nos están a escravizar».

Cirilo George, Grupo Produtor de Cana El Nuevo Despertar. REDE COMAL - Rede de Comercialización Comunitaria e Alternativa (Honduras).

«Aprendín que está a nacer unha nova historia, a construción en conxunto do Comercio Xusto. En poucas palabras, un novo mundo pode xurdir para os meus fillos e os meus netos, ou mellor, para toda a comunidade».

Gladis, integrante de Maos Amigas que pertence á rede Faces do Brasil - Plataforma de Organizacións por un Comercio Xusto e Solidario (Brasil).

«O increíble de Salinas é que seguise incansable o seu camiño, facendo posible o despertar dunha comunidade esmagada por séculos de illamento e explotación, ao contactar xente chegada dos catro lados do mundo, con percorridos, credos relixiosos, ideas políticas absolutamente diferentes.

Creo que este microcosmos, enclaustrado nun remoto recuncho dos Andes, podería prefigurar o mundo que todos soñamos: solidario, tolerante, optimista, capaz dunha autocrítica permanente, partindo dende os últimos».

Juan Bottasso, presidente de Salinas - El Salinerito - Unha experiencia cooperativista e solidaria (Ecuador).

«A solidariedade entre mulleres é esencial. Cando estamos xuntas e levamos adiante as nosas propias ideas podemos avanzar. Así podemos empezar a erguer montañas».

Haoua Ibouldo, directora de Le Gapreh- Centro de reciclaxe de bolsas de plástico (Burkina Faso).

«O Comercio Xusto e a Economía Solidaria son unha forma de estar no mundo, de relacionarnos co resto de persoas e produtos en termos de equidade e de respecto, valorando outros factores e non o prezo como única variable. [...] Consumo responsable é atender ás necesidades básicas do ser humano, non as hedonistas, temporais e egocéntricas que a sociedade do consumo nos fixo crer».

Mercedes García de Vinuesa, socia dende hai 13 anos de IDEAS - Iniciativas de Economía Solidaria, Sociedade Cooperativa Andaluza (Andalucía).

«A Economía Solidaria é onde traballamos todos para o benestar das nosas familias. Onde producimos e colleitamos para o ben de todos. A solidariedade para nós é unha formación, unha aprendizaxe».

Pablo Vázquez, Tenda Comunitaria Estrellas en Acción. REDE COMAL - Rede de Comercialización Comunitaria e Alternativa (Honduras).

«O que máis valoro é achegar dende o meu traballo voluntario o crecemento dun proxecto no que creo. Vivir nas caras da xente a satisfacción de dispoñer dunha alternativa ao actual modelo enerxético, que parecía estar baseado unicamente en instrumentos de multinacionais, con grandes impactos sociais e ambientais».

Josep Prat, voluntario dende 2010 en Som Energia - Cooperativa de consumo e produción de enerxía verde (Girona).





DICIONARIO

MINIGUÍA PARA COÑECER AS PALABRAS CLAVE DA ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA

Brecha salarial: Diferenza entre o salario máis baixo dunha empresa e o máis alto, xa sexa entre categorías profesionais ou entre homes e mulleres. Por exemplo, se unha cooperativa establece que a súa brecha salarial será 1-3, o soldo máis alto da empresa non poderá ser máis de tres veces o importe do soldo máis baixo. No caso dalgunha industria financeira de EUA, esta brecha chega a 360.000 (o salario máis alto multiplica por 360.000 o máis baixo).

Cláusulas sociais: Introducción dunha serie de criterios sociais (Comercio Xusto, discriminación positiva das mulleres, respecto ambiental, inserción sociolaboral,...) nos procesos de contratación pública. O seu obxectivo é favorecer a responsabilidade social das empresas e administracións públicas, así como a promoción das entidades de Economía Solidaria.

Consumo responsable: Integración de aspectos ambientais e sociais nas compras diarias dos consumidores, respondendo respectivamente a unha preocupación de durabilidade e xustiza. O consumo responsable supón que os consumidores poidan, polas súas compras, apoiar ou sancionar as prácticas das empresas.

Cooperativa: A súa raíz etimolóxica provén da palabra 'cooperación' que se opón a 'competición'. Deste xeito, cooperativa é unha asociación autónoma de persoas que se uniron de forma voluntaria para satisfacer as súas necesidades e aspiracións económicas, sociais e culturais en común mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática.

Gomercialización xusta: É un sistema comercial baseado no diálogo, a transparencia e o respecto, que busca unha maior equidade no intercambio entre persoas produtoras, intermediarias e consumidoras.

Desenvolvemento económico local: Refírese a modelos de desenvolvemento económico propios que se enfocan ao fortalecemento de actividades económicas dentro de certa extensión xeográfica, aproveitando ao máximo os recursos locais.

Economía Social e Solidaria: É un enfoque da actividade económica que ten como prioridade ás persoas, o medio e o desenvolvemento sostible. A economía está subordinada á súa finalidade real: prover, de xeito sostible, as bases materiais para o desenvolvemento persoal, social e ambiental do ser humano.

Empresas solidarias: Entidades con figura xurídica mercantil que desenvolven a súa actividade de forma similar a outras empresas, pero partindo do compromiso con valores éticos, sociais e ambientais.

Externalidades: Beneficios, custos sociais ou ambientais non contemplados no prezo dun ben ou servizo producidos por unha empresa no exercicio da súa actividade.

Finanzas éticas: Entidades financeiras que na súa actividade priorizan a obtención dun beneficio social por enriba do beneficio económico. Constitúen un sistema financeiro concibido para achegar financiamento a proxectos que contribúan ao desenvolvemento económico sostible e á integración social.

Mercado social: Rede estable de intercambios de bens e servizos entre empresas solidarias, consumidores/as responsables e aforradores-investidores éticos que, con estes intercambios, rematan cubrindo unha parte significativa das súas necesidades.

Moeda social: Refírese a todas aquelas iniciativas, principalmente locais, en que se usa algo que non sexa diñeiro oficial para facer transaccións. Esta ferramenta é especialmente eficaz cando existen algunhas necesidades non satisfeitas que poderían ser cubertas cos recursos locais dispoñibles.

Mutualidade: Entidade constituída baixo os principios da solidariedade e a axuda mutua nas que unhas persoas se unen voluntariamente para ter acceso a uns servizos baseados na confianza e a reciprocidade.

REAS: As súas siglas significan "Rede de Redes de Economía Alternativa e Solidaria" e é a rede española de economía solidaria.

Terceiro Sector: Actividades económicas emprendidas pola sociedade civil para satisfacer as necesidades de bens e servizos que non son ofrecidas nin polo sector público (primeiro sector) nin polo sector privado (segundo sector). As súas actividades económicas non teñen fins de lucro, é dicir que non teñen como obxectivo distribuír o excedente aos accionistas externos.

Turismo Solidario: Forma de turismo que agrupa as formas de turismo alternativos e integrados que se inscriben nunha lóxica de desenvolvemento dos territorios, de conciencia ecolóxica (minimización do impacto no medio), de respecto da poboación e das súas culturas.



FACÉMONOS ECO

PALABRAS PARA O CAMBIO

Miradas globais para outra economía

de SETEM

Este libro dá voz a diversos testemuños que demostran a viabilidade da economía solidaria. 'Miradas globais' somérxenos na historia de quince experiencias de economía solidaria, que relatan prácticas de éxito: cinco africanas, cinco americanas e cinco do Estado español. Hoxe existen miles de prácticas económicas que operan cunha racionalidade diferente da economía capitalista e se guían por valores como a xustiza, a solidariedade, a participación, a cooperación, a comunidade e a sustentabilidade. No contexto actual, de crise do sistema, recortes sociais e explotación do medio e das persoas, convén coñecer estas alternativas e ser conscientes do como e o porque apostar por outras maneiras de xestionar a sociedade e a contorna. A publicación 'Miradas globais para outra economía' analiza a situación actual da economía mundial e formula a posibilidade de que a economía solidaria se converta nunha alternativa ao capitalismo.

Podesdes descargala en PDF na web de setem.org ou escanear este código.



Miradas globales para otra economía



SOTTO VOCE

EU

Roberto Fonseca

Unha viaxe a África, Cuba e Brasil. O pianista cubano inicia unha nova etapa con este disco que mira ás súas raíces africanas. A música de Fonseca chega clara, de forma intensa. O músico preséntase na portada do disco nu e coas palmas cara a arriba para amosar que se presenta como é, sen dobreces, de forma directa.

A presenza africana neste disco ten un papel moi destacado coa aparición de artistas brillantes como a cantante maliense Fatoumata Diawara, o korista Sekou Kouyate, o intérprete de n'goni Baba Sissoko e o cantante Mboup Assane. A parte cubana estaría representada polo mundo da relixión yoruba, na radio que oía de mozo o pianista, así como a literatura do seu país, coa presenza da voz dun dos máis grandes poetas cubanos como foi Nicolás Guillén.



FILA 7

La Plataforma

De SICOM e NAMUSS FILMS, coa colaboración da Plataforma de Afectados pola Hipoteca


Director: Jon Herranz
Axudante de dirección: Gerard Peris
País: España, Cataluña
Ano: 2012

Esta é unha película documental sobre a loita polo dereito á vivenda, encabezada pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca. 'A Plataforma' analiza o nacemento e o desenvolvemento deste movemento social que nace en Barcelona e esténdese rapidamente ao resto do Estado. Diversas voces analizan os antecedentes e o contexto da PAH, á vez que repasan as causas e consecuencias que a crise do sector hipotecario e a aplicación dunha lei inxusta xeraron nunha parte importante da poboación. A PAH converte o drama dos hipotecados que non poden afrontar as súas débedas nunha forza motivadora para loitar contra un sistema que prioriza os intereses económicos ás vidas das persoas. Este é un poderoso e interesante exemplo de coordinación e vertebración social, que xorde do asesoramento colectivo e permite combater o illamento provocado por situacións dramáticas individuais.

RECOMENDAMOS

economiasolidaria.org
Rede de redes de economía alternativa e solidaria en España.

consumpedia.org
Espazo para tomar decisións de consumo máis consciente, impulsado polo CRIC (revista Opcions).



Debuxo de Miguel Brieua.

**TI PODES FACER
QUE NOS MOVAMOS MÁIS E MELLOR
PARA CAMBIAR O MUNDO.
PARA NÓS,
É VITAL A TÚA PARTICIPACIÓN.**

Hai moitas formas de colaborar:

FAITE SOCIO/a

Únete ó movemento de persoas que xa nos apoian, e entra a fomar parte dunha asociación viva e transformadora.

FAI UN DONATIVO

A túa colaboración, por pequena que sexa, pode cambiar moitas cousas.

VOLUNTARIA/A

Únete ós nosos equipos de voluntariado.

**¡MÓVETE E CAMBIAREMOS O MUNDO!
ENTRA A WWW.AMARANTESETEM.ORG
E DECIDE CÓMO TE QUERES MOVER.**

AMARANTE SETEM
amarantesetem@amarantesetem.org

Sede Compostela
Rúa de San Pedro, 67
15705 Compostela
T+F 881978705
compostela@amarantesetem.org

Sede Pontevedra
Rúa San Roman, 9
36002 Pontevedra
T+F 986848159
pontevedra@amarantesetem.org

Sede A Mariña
Praza de España, 25
27700 Ribadeo
T 607267496
ribadeo@amarantesetem.org

e ademais:
acorunha@amarantesetem.org
ourense@amarantesetem.org
vigo@amarantesetem.org

FEDERACIÓN SETEM
Secretaría Técnica
Independencia 244
08026 Barcelona
T93 441 53 35
setem@setem.org

Setem
aMaRANTE
www.amarantesetem.org